



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución conxunta do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG 30/09/22), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1.- Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a **UN REPRESENTANTE DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todo o persoal que realiza no centro funcións desta natureza,, sempre que estea vinculado o mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o **28 de outubro ás 9:00 ata as 14:00 horas do día 8 de novembro**.

3.- Son elixibles as persoas de administración e servizos que formulen a súa candidatura oficial. As candidaturas poderán ser presentadas dende o **28 de outubro ás 9:00 ata as 14:00 horas do día 8 de novembro**.

4.- Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada polo Director do Centro, que actuará como Presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o dende o **23 de outubro ao 15 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou tutores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 19 de novembro, de 13:30 a 16:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:00 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **UN nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Betanzos a 23 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Carolina Fuentes Prado